

LINGUA ESTRANXEIRA
INGLÉS

PROGRAMACIÓN
2º
PRIMARIA

CURSO 2022 - 2023

CEIP ROSALÍA DE CASTRO



ÍNDICE

1. TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS

3. METODOLOXÍA

4. AVALIACIÓN

5. TEMPORALIZACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE A AVALIAR

1. TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES

1º TRIMESTRE	UNIT 1.	THIS IS ME
	UNIT 2.	MY FAMILY
	HALLOWEEN	
	UNIT 4.	CHEFS
2º TRIMESTRE	UNIT 5.	SHOW AND TELL
	UNIT 6.	MY DREAM HOME
	EASTER	
3º TRIMESTRE	UNIT 7.	ALL ABOUT ANIMALS

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS

2.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE LINGUA INGLESA

Ao longo da historia xurdiron e puxéronse á práctica diversas teorías de aprendizaxe da lingua estranxeira. Nesta programación, tendo en conta algunhas delas e engadindo aportacións persoais, os principais obxectivos da ensinanza do inglés como lingua estranxeira van ser:

- desenvolver a competencia comunicativa do alumnado na lingua inglesa, de forma que sexan cada vez máis capaces de utilizala para comunicarse en contextos reais ou simulados,
- utilizar de forma oral a lingua estranxeira para comunicarse co/coa docente e os compañeiros nas actividades habituais de clase, atendendo ás normas básicas de comunicación interpersoal (pedir a palabra, non interrompir, etc), e adoptando unha actitude respetuosa cara ás aportacións alleas.
- disfrutar da aprendizaxe de linguas estranxeiras, neste caso o inglés, e
- espertar conciencia no alumnado sobre o valor que ten a lingua inglesa como lingua franca nun mundo crecentemente plurilingüe e pluricultural.

2.2. ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS

Como forma de achegarnos a estes obxectivos traballaremos os contenidos establecidos polo currículo, do **bloque 1 ao 5**. Comezaremos polas destrezas orais (**bloques 1 e 2**), que neste curso manteñen unha relevancia superior que as escritas, seguindo a *hipótese da orde natural* de Krashen. Nos segundo e terceiro trimestres introduciremos progresivamente as destrezas escritas (**bloques 3 e 4**), sempre a través de textos ou producións sinxelas próximas á súa experiencia e sobre temáticas relacionadas cos seus intereses, comezando pola lectura e progresivamente introducindo algo de expresión escrita que inclúa o vocabulario e gramática traballados na aula. Esta aprendizaxe gradual permitiranos cubrir o **coñecemento da lingua** descrito no bloque 5, e a **conciencia intercultural** traballarase ao longo das distintas unidades.

2.3. ORGANIZACIÓN DO ESPAZO E TEMPO

O alumnado vai estar situado nas mesas de traballo establecidas polo tutor ou titora. Non obstante, en liña co sistema de agrupamentos de Harmer, utilizaremos o gran grupo para correccións de clase e modelaxe de vocabulario e gramática, traballo en

parella para conversacións rápidas e traballo individual para apps en línea e producións escritas. O traballo cooperativo será prioridade, posto que seguimos a crenza de que sós camiñamos máis rápido, pero xuntos aprendemos máis, falamos máis e desfrutamos máis! Os equipos serán heteroxéneos, formados por estudantes coa posibilidade de ofrecer axuda e estudantes coa necesidade de recibir dita axuda.

Co que respecta ao tempo, o que adiquemos ás distintas actividades será estimativo, xa que esta programación está suxeita a unha metodoloxía flexible e adaptada ao alumnado.

2.4. RECURSOS MATERIAIS

Co fin de xerar un ambiente de positividade, confianza e seguridade que promoverá a adquisición da lingua e a participación do alumnado en liña coa *hipótese do filtro afectivo* de Krashen, durante as nosas sesións traballaremos co seguinte material:

- A pizarra interactiva
- Os ordenadores da aula de informática
- O ordenador do mestre ou mestra
- Material manipulativo (flashcards, xogos de mesa...)
- O libro de texto de forma puntual
- Material imprimible como fichas
- Material escolar

3. METODOLOXÍA

A metodoloxía implementada ao longo desta programación será activa, inclusiva, comunicativa e colaborativa. Ademáis, intentaremos implementar variedade de actividades para a variedade de formas de aprendizaxe do noso alumnado, contribuíndo así ao seu desenvolvemento integral.

Implementaranse tamén actividades comunicativas en liña con Harmer e Hymes, promovendo o desenvolvemento da competencia comunicativa, e andamiaremos a aprendizaxe, como acuñou Bruner, partindo de contidos sinxelos e destrezas orais, e avanzando progresivamente cara a contidos máis complexos que impliquen destreza escrita, en liña con autores como Krashen ou Vygotsky.

A motivación do noso alumnado tamén é imprescindible, e fomentárase permitindo aos estudantes que creen un produto relevante ao rematar cada unidade. Este produto incluírá o contido traballado durante esa unidade.

4. AVALIACIÓN

Cando se trata de avaliar, é esencial distinguir entre calificar e avaliar. Calificar é dar unha nota, mentres que avaliar é dar ao alumnado a oportunidade de reflexionar sobre a súa aprendizaxe e progreso. Por esta razón, en liña coa **LOMCE**, levarei a cabo unha avaliación inicial ao principio do ano, unha avaliación sumativa en momentos específicos do ano, e a mais importante, a avaliación formativa, que levarei a cabo coma un camiño continuado ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Utilizarei os perfís de área para avaliar os distintos estándares. O perfil de área consiste en coller todos os estándares dun curso específico, dividilos nos tres trimestres e asignarlles unha porcentaxe e instrumento específico.

- QUE AVALIAREI?

O desempeño do meu alumnado, e tomarei como referencia os criterios de avaliación, que se concretan a través dos estándares de aprendizaxe.

Avaliarei tamén a miña práctica docente a través dun cuestionario que encherei reflectindo sobre os recursos utilizados, as actividades levadas a cabo, desempeño... A co-avaliación do alumnado terá lugar a través do traballo cooperativo.

- COMO AVALIAREI?

Usarei procedementos como observación directa ou as producións dos nenos e nenas, e instrumentos como a guía de observación, listas de cotexo, rúbricas..., que me permitirán manter o seguimento do progreso do meu alumnado.

5. TEMPORALIZACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE A AVALIAR

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN			COMPETENCIAS CLAVE
	1º T	2º T	3º T	
PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	x			CCL
PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.	x	x	x	CCL
PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.		x	x	CCL, CAA
PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/ close the book, sit down...).	x	x	x	CCL

PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar a su a familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensible.	x	x	x	CCL
PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).		x	x	CCL
PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.	x	x	x	CSC
PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	x	x	x	CCL, CSC
PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara a aprendizaxe dunha lingua estranxeira.	x	x	x	CSC
PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	x	x	x	CCL
PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	x			CCL
PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	x			CCL, CAA
PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.			x	CCL, CAA

PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	x	x		CCL
PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.			x	CCL
PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	x	x		CCL, CAA
PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).	x			CCL, CAA
PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.			x	CCL
PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	x	x		CCL, CAA, CSC
PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.	x	x	x	CCL, CSC
PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre sí mesmo/a e dos e das demais.	x	x	x	CCL
PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de formulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).	x	x	x	CCL, CSC

PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.	x	x	x	CCL
PLEB5.6. Adquire as rutinas de saudos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.	x	x	x	CSC
PLEB5.7. Expresa e identifica a posesion referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.	x	x	x	CCL
PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.	x	x		CCL
PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de numero e usa correctamente os nexos máis básicos.			x	CCL, CSC
PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.	x	x	x	CCL, CSC
PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.	x	x	x	CCL
PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboracion de glosarios ilustrados, dramatizacións etc.	x	x	x	CSC
PLEB5.13. Expresa estados de animo elementais (happy/sad, bored...).		x		CCL
PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario basico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con		x	x	CCL, CAA

léxico traballado previamente de forma oral.				
PLEB5.15. Amona interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.	x	x	x	CCL, CSC
PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.		x		CCL